
MAMÁ

FARÁNDULA VELUTINA

Le coeur d'une mère est un abîme.

HONORÉ DE BALZAC

Estarán confrontados o pai contra o fillo e o fillo contra o pai; a nai contra a filla e a filla contra a nai; a sogra contra a nora e a nora contra a sogra.

LUCAS 12:53

g!!!!!!!!!!

Polo amor de Deus, doutora! Está segura de que me puxo a epidural? Necesito máis drogas!!! Máis drogas, por favor llo pido!!!!
(Estende un dos seus brazos.) Aquí ten!!!! Inxecte coma se non houbera mañá!!! Ou déame pastillas, xaropes, colutorios, pomadas, supositorios, o que sexa!!! Unha botella de whisky!!! De tequila!!! De augardente do país!!! Calquera cousa que teña por aí gardada no armario das medicinas!!! Pero polo amor de Deus, faga que isto remate!!! Saque de dentro de min este diaño que me está esgazando as entrañas!!!!

Aaaaaaaaaaaaaarrrrrrrrrgggggggggggggggggggg!!!!!!!!!!!!!!!

Fóra, desgraciada!!!!

Fóra de aquí!!!!

Dixen que fóra!!!!

Aaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaarrrrrrrrrrrggggggggg!!!!!!!!!!!!!!!

Momento de máxima intensidade en canto ao volume dos berros, do fondo musical e dos retorcementos do corpo.

De súpeto, todo remata.

A música encadea cunha polifonía de arpas e coros celestiais. Escóitase unha voz profunda que ben podería ser a do mesmo Deus.

VOZ.-

Señora, teño o pracer de comunicarlle que tivo vostede unha preciosa nena.

*A muller rebusca debaixo das sabas e saca un bebé
perfectamente envolto en lenzos.*

NAI.-

Maldita sexa a túa estampa!

Como me volvas facer algo así, xúroche que..., xúroche que...!!!!

Cativada pola fermosura da nena.

Oh...!!!!

Escuro.

Unha por papá...

A filla é unha nena moi pequena. Está sentada nunha cadeiriña adaptada para bebés.

Entra a nai toda sorrinte cun bote de papa na man e unha culler.

A filla celebra a chegada da nai golpeando graciosamente a táboa da súa cadeira coas mans.

NAI.- *(Cantaruxando.)*

Hora da merenda!

Vaille poñendo o babeiro e preparándoa para a comida.

Tes fame, a que si, corazón? A que a miña neniña guapa está esfameadiña despois de xogar toda a tarde? Pois agora imos merendar, e cando acabemos todo o que nos vai dar mamá, imos dar un paseo ata a casa da avoa. Tes ganas de ver a avoa? A que si? A que tes ganas de ver a avoa? Contoume un paxariño ten un regalo para ti. Ah, non, non me fagas falar! É unha sorpresa! Só che podo dicir que ten algo que ver con unicornios e coelliños que falan. O demais tes que imaxinalo ti.

Móstralle o bote da papa.

Compota de mazá cun chisquiño de mel!
Mmmmmmmmmmmmmmmmm!

Abre o bote e saca unha cullerada.

A ver... Unha por papá...

A nena abre a boca e come con fruición.

Moi ben... E unha por mamá...

A nena engurra a fronte e pecha a boca.

Ui! Que pasou? Non che gustou a compota? Está mala? A ver...

A nai toma a cullerada que a filla rexeitou.

Pero se está riquísima! Chea de vitaminas, para medrar forte e sa.
Veña... Unha por papá...

A nena abre a boca e come.

Ves como estaba boísima? E unha por mamá...

A nena pecha a boca e négase a comer.

Que che pasa? Non tes fame? Deixamos a compota e esperamos á
cea?

*A nai fai ademán de pechar o bote e a nena bótase a
chorar desconsoladamente.*

Vale, vale..., pero tes que poñer algo da túa parte! Se non, que
facemos?

Veña... Unha por papá...

A nena deixa de chorar e come.

Ah, pois si que tes fame! Xa me parecía a min! E unha por mamá...

A nena négase a comer.

A nai mira a culler estrañada. Despois a súa filla.

Achégalle a mesma cullerada.

Unha por papá.

A nena come.

E outra por mamá.

A nena négase a comer.

E outra por mamá.

A nena segue negándose.

A nai insiste, obcecada.

E outra por mamá! Por mamá! Outra culleradiña por mamá! Mmmmmm! Está saborosísimo! Non queres comer a compota por mamá? Por mamá? Porque non queres comer por mamá?! Veña, outra por mamá?! Que che pasa? Outra por mamá?! Dixen que outra por mamá!!!

A nena revólvese no seu asento e rompe de novo a chorar.

A nai retrocede, asustada de si mesma.

Está ben, está ben... Tranquila... Non quería... Se non queres comer por mamá, pois entón... En fin... Non pasou nada. Estás ben?

A nena parece estar máis tranquila.

Rematamos a compota?

A nena asinte.

Veña, entón. Unha por papá...

A nena come.

Outra por papá...

A nena come.

Outra por papá...

A rutina repítese ata rematar o bote de compota. Cada vez que repite o seu mantra a voz da nai vaise rompendo un pouco máis. Agora é ela a que está a piques de chorar.

Ao acabar, a nai érguese, pecha o bote, déixao sobre unha mesa, quítalle o babeiro á nena e límpalle con el os beizos, tira a lavar o babeiro, quita o mandil que leva e colócao sobre unha cadeira. Hai un momento de incómodo silencio mentres a nai se arranxa un pouco a roupa e mailo pelo.

Cando a nai fala, abandona completamente o ton infantil co que ata ese momento se dirixiu á súa filla.

Sabes que?

Non imos ir a casa da avoa. De feito, non imos ir a ningures. Mamá está cansa de tanto traballar todo o santo día para poñerche comida no prato. Así que imos poñer o teu curraliño no salón e

mentres ti fas (en silencio, por favor) o que teñas que facer, eu vou poñer a novela na televisión e botar unha boa sesta, que ben merecida a teño.

Por certo, a sorpresa da túa avoa era un conto. Si, un conto deses estúpidos que tanto vos gustan aos que tedes o cerebro do tamaño dun chícharo. Que veña ela traercho, se quere. Ou mellor, cando aprendas a falar, dille ao teu pai, ao teu querido papá, que te leve el buscalo. E, de paso, que che dea tamén el de comer, que eu bastante tiven con parirtel!

A nai marcha enfadada.

Teño algo que dicirche

A nai calceta. Parece moi concentrada.

Entra a filla. Móvese pola habitación nerviosa. Mira de esguello a súa nai. Nótase que quere dicirlle algo, pero non se atreve.

NAI.- Que queres?

FILLA.- Eu? Que vou querer?

NAI.- Ti saberás.

FILLA.- Non quero nada.

NAI.- Está ben.

Pausa.

Repítese a situación.

Estás segura de que non queres nada?

FILLA.- Non.

NAI.- Xa mo parecía. Aí tes o meu bolso. Dentro está a carteira. Non hai moito. Colle o que precisas, pero déixame algo, que despois vou baixar a comprar o *Hola*. Sabías que a Pantoja tiña un fillo secreto? Como lle saia igual ca o outro!

FILLA.- Non quero cartos, mamá.

A nai deixa o labor e levanta o rostro con expresión preocupada.

NAI.- Que foi? Chamou alguén? Non oín o teléfono. Non estará outra vez ingresada a tía Irene, verdade? Aínda falei con ela antonte e parecía que...

FILLA.- Non, mamá. Non chamou ninguén e, polo que eu sei, a tía Irene está perfectamente.

NAI.- Entón...?

FILLA.- Teño algo que dicirche.

NAI.- Si?

FILLA.- Algo moi importante.

NAI.- O que?

Pausa.

A filla dubida. Está buscando as palabras para dicir o que ten que dicir.

A nai cánsase e volve co seu labor.

Que pasa? Esquecíche? Tan importante non sería.

FILLA.- Non, non me esquecín. E si que é importante.

NAI.- Entón?

FILLA.- Non é doado. Hai que atopar as palabras adecuadas...

NAI.- As palabras adecuadas?

FILLA.- Hai cousas que non se poden dicir de calquera maneira.

NAI.- Por que non?

FILLA.- Porque son moi..., non sei, “delicadas” e poden causar unha forte impresión a quen as escoita.

NAI.- Pensas que me pode dar un “chungo”?

FILLA.- Nunca se sabe.

NAI.- Estou coma un buxo, nena. Mellor ca ti. De feito, estaba pensando en enmarcar o meu último electrocardiograma e colgalo no recibidor.

FILLA.- Xa estamos coas chanzas!

NAI.- E que queres que faga? Isto non é unha obra de Calderón, por se non te deras conta, así que o que teñas que dicir, dío claramente e déixate de lérias.

Pausa.

A filla mira fixamente a nai. Esta parece concentrada no que está facendo.

FILLA.- Estou embarazada.

*Á nai cáelle de golpe o labor ao chan e manifesta todos os síntomas de estar sufrindo un ataque ao corazón.
A filla achégase a ela preocupada.*

Mamá!!!

NAI.- Ai, nena!!!! Quéresme matar do desgusto!!!

FILLA.- Respira, respira!!!! Amodo!!! Moi amodo!!!! Estás ben?

NAI.- Si, si, tranquila. Só teño unha dor intensa no peito, que se me estende ao brazo esquerdo; estou mareada; teño ganas de vomitar e non paro de suar... Pero non creo que sexa nada. Seguro que me sentaron mal as croquetas do mediodía...

FILLA.- Mamá, non estarás tendo un infarto, non?

NAI.- *(Moi enfadada.)* Por que non? Acaso iso che estraga os teus plans de ir tendo fillos por aí adiante?

FILLA.- *(Apartándose.)* Xa vexo que estás perfectamente.

NAI.- “Perfectamente” non é a palabra que eu utilizaría.

FILLA.- Non debín dicirche nada.

NAI.- Ah, non? E que ías facer? Agardar nove meses e cando chegase o día dicir: “Ei, mamá, a que non sabes o que me acaba de saír por onde ti xa sabes?”

FILLA.- Estás botando por fóra! Non é unha mala noticia! Todo o contrario! Vas ser avoiña!

NAI.- *(Parece que está sopesando a parte positiva do asunto.)* Avoiña.... Vou ser avoiña... *(Cambia radicalmente de ton.)* E quen che di a ti que eu quero ser avoa?!!!! Eu non quero ser avoa!!! Non quero nenos pequenos correndo e berrando todo o día pola casa!!!! Criarte a ti foi abondo!!!!

FILLA.- Sei que non falas en serio.

NAI.- Pero, como puido pasar algo así?

FILLA.- Queres que cho explique, mamá? Pois mira: as abelliñas van

voando e voando polo campo e cando cansan, pousan sobre as flores e...

NAI.- As abellas pican e doe e, se es alérxico, podes chegar a morrer!

FILLA.- Ti sempre tan optimista!

NAI.- Como se non houbera hoxe en día trangalladas para evitar estas cousas!

FILLA.- Carai, que moderna!

NAI.- Coa de información que tedes!

FILLA.- Non será porque ti ma contarás!

NAI.- Nin falta que facía! Eu non necesitei que ninguén falara nunca comigo para saber como manter as pernas pechadas!

FILLA.- Que sutileza a túa!

NAI.- Nin sequera sabía que tiveras mozo!

FILLA.- Non o teño.

NAI.- Como que non?

FILLA.- Pois como son as cousas que non son: non sendo.

NAI.- Entón, quen é o pai?

FILLA.- Que máis terá iso?

NAI.- Como que máis terá? Como saberei entón a quen lle teño que partir as pernas?

Pausa.

A filla queda en silencio. Parece dubidar.

Non me digas que non sabes quen é o pai!

FILLA.- Si que o sei! Creo.

NAI.- Cres?!!!! Como que cres?!!!!

FILLA.- É que houbo... houbo varios, sabes?

NAI.- Varios?!!! E cantos son "varios", se se pode saber? Dous? Douscentos?

FILLA.- Tres... Pode que catro.

NAI.- Tres?!!!!

FILLA.- Pode que catro.

NAI.- Claro!!! Pode que catro!!! Nesas situacións non é fácil levar a conta!!!

FILLA.- Non é iso. É que...

NAI.- É que que?!!!! Ou son tres ou son catro!!!!

FILLA.- É que tendo en conta o que fixen co cuarto non debería..., pero, en fin, quen sabe.

NAI.- Ai, filla, vas acabar comigo! Dime polo menos que algún dos catro é médico ou avogado.

FILLA.- Non te preocupes por nada, mamá. Sexa quen sexa non lle penso dicir nada. Vouno criar eu soa.

NAI.- Ai! Todo son boas noticias!

FILLA.- Non me cres capaz?

NAI.- Oh, claro que si!!! Por suposto que es capaz!!! Aínda non acabaches a carreira e vives na casa dos teus pais! Con que cartos o pensas criar? Os fillos son caros!!!! E os billetes non nacen nas pólas das árbores, por se non te deras conta!!!

FILLA.- Sempre dixestes que todo o voso é meu!!! Non era verdade?!!!

Silencio súbito.

A nai quere replicar, pero non se lle ocorre nada.

Sabía que tiña que falar primeiro con papá!!!

A filla marcha a piques de chorar.

A nai déixase caer de novo no seu asento.

Leva as mans á cara. Nega coa cabeza.

Colle o labor e retómao. Ao pouco detense.

NAI.- Avoíña! Vou ser avoíña!

Sorrí, pero o sorriso conxélaselle na boca.

Oxalá non sexa unha nena!

Continúa calcetando.

Algo malo

1

Timbre de teléfono.

FILLA.- Dime.

NAI.- É algo malo.

FILLA.- Bos días a ti tamén, mamá.

NAI.- Serán bos para ti. É algo malo. Seguro.

FILLA.- Antes de que empeces, advírtoche que estou de traballo ata arriba. Mañá teño que presentar uns informes na oficina, así que abreviando, que é xerundio.

NAI.- Saíu. Comenteille un par de cousas e saíu. Así, sen máis, sen dicirme nada.

FILLA.- De que me estás falando, mamá?

NAI.- Deixoume soa. Se non fose nada, por que me ía deixar soa?

FILLA.- Quen? Papá?

NAI.- Que papá nin que papá? O médico!

FILLA.- Estás no médico?

NAI.- Pois claro que estou no médico! Onde ía estar se non?

FILLA.- Ocorrrenseme centos de sitios. Está papá contigo?

NAI.- Estou soa! Como queres que cho diga?

FILLA.- Non te acompañou papá?

NAI.- Xa sabes que ao teu pai non lle gustan os hospitais.

FILLA.- A ninguén lle gustan, por iso todos queremos ir acompañados. Por que non me avisaches?

NAI.- Acaso terías vido comigo?

FILLA.- *(Vacilante.)* Eh... Podería telo arranxado...

NAI.- Poderías, si. Non terías vido nin aínda que acabase o mundo. Coñézote coma se me parira.

FILLA.- Paríchesme, mamá.

NAI.- Non mo recordes. *(Transición.)* Ai, nena, estou segura de que é algo malo!

FILLA.- O da perna?

NAI.- O que da perna?

FILLA.- Non tiñas un vulto na perna?

NAI.- Era unha roncha. A picada dunha araña. Fóiseme cunha pouca pomada.

FILLA.- A dor no peito?

NAI.- Gases. Un par de días a infusións de anís e coma nova.

FILLA.- Non será a mancha no pescozo...

NAI.- Non. Ao final resultou ser cinsa da cociña de leña.

FILLA.- Entón que, mamá?

NAI.- Dóeme...

FILLA.- Si, mamá? Que che doe?

NAI.- Dóeme o pelo.

FILLA.- O que?

NAI.- O pelo! Filla, a ver se vas ser ti a que necesita ir a que lle miren os oídos.

FILLA.- Quererás dicir que che doe o coiro cabeludo.

NAI.- Se o quixera dicir, teríao dito, non che parece? Dóeme o pelo.

FILLA.- Como che vai doer o pelo?!

NAI.- Iso digo eu. Por iso vin por urxencias.

FILLA.- E que che dixo o médico?

NAI.- Nada. Auscultoume, miroume a boca, palpoume os ganglios do pescozo e marchou.

FILLA.- Marchou?

NAI.- Ti que cres que significa?

FILLA.- Pois que tiña que marchar.

NAI.- É algo malo, seguro.

FILLA.- Non ha de ser nada, muller.

NAI.- Ti que sabes, acaso es médico?

FILLA.- Non, non sou.

NAI.- Entón non opines.

FILLA.- Pedíchesme ti a opinión!

NAI.- Ai! Ai vén! É algo malo! Ten que ser algo malo!

A nai colga de golpe sen despedirse.

FILLA.- Mamá...? Mamá...? En fin...

A filla colga.

2

Timbre de teléfono.

FILLA.- Que che dixo o médico?

NAI.- Mandoume a outro sitio.

FILLA.- A que sitio?

NAI.- Estou nunha sala de espera, en radioloxía.

FILLA.- E aí deixan falar polo móbil?

NAI.- Mentres non me digan nada, eu falo.

FILLA.- *(Irónica.)* Moi ben! Esa é a miña nai!

NAI.- Por que me mandaría vir aquí?

FILLA.- Porque lle entraría o antollo de gastar os cartos dos
contribuíntes en probas innecesarias.

NAI.- Sospeita algo.

FILLA.- Si. Que es unha hipocondríaca. E como sabe que ata que
non vexas ben claro na radiografía que non tes nada...

NAI.- Ti cres que me van facer unha radiografía?

FILLA.- Ti saberás, mamá! Que che dixo o médico?

NAI.- Non o sei...

FILLA.- Non sabes o que che dixo o médico?

NAI.- Ai, filla, estou moi nerviosa! Non sei o que me dixo ou me
deixou de dicir. Mandoume para aquí e... aquí estou.

FILLA.- Se che mandou a radioloxía será para facer unha
radiografía.

NAI.- Do pelo?

FILLA.- Do que sexa, mamá.

NAI.- Se cadra fanme unha resonancia.

FILLA.- Dubídoo moito.

NAI.- Seguro que teño algo no cerebro!

FILLA.- Iso está máis que claro, pero o que ti tes no cerebro non creo que se vexa nunha resonancia.

NAI.- (*A alguén, fóra da conversa telefónica.*) Si...? Si, son eu...

FILLA.- Con quen falas?

NAI.- Si, si... Xa colgo.

Colga bruscamente.

FILLA.- (*Irónica.*) Adeus tamén a ti, mamá.

Colga.

3

Timbre de teléfono.

FILLA.- Que? Algunha novidade? Vou chamando xa ao enterrador?

NAI.- Que graciosa! Pois que saibas cando o teu pai e máis eu xa non esteamos a mellora vai para o teu irmán. Ti quedas coa lexítima e grazas.

FILLA.- Nin iso quero. E, ademais, aínda que ti morras pola túa gravísima afección capilar, a papá aínda lle queda carrete para rato.

NAI.- Dígoche eu que ese non dura nin dous telexornais se a min me pasa algo.

FILLA.- Non sexas agoireira.

NAI.- Como non vou ser agoireira con todo o que me está pasando?

FILLA.- Non che pasa nada.

NAI.- Non? Entón por que me fixeron unha resonancia?

FILLA.- Ao final fixéronche unha resonancia? Pois si que lles sobran os cartos nese hospital!

NAI.- Se ma fixeron é porque a necesitaba.

FILLA.- Seguro. E cando che dan os resultados?

NAI.- Xa mos deron.

FILLA.- Tan pronto? Carai, que eficiencia! E que? Limpa coma unha patena, non?

NAI.- Non o sei.

FILLA.- Como que non o sabes?

NAI.- Estou agardando a que volva o médico.

FILLA.- Outra vez?

NAI.- Recibíume no despacho, empezou a ler o informe, desculpouse e marchou...

FILLA.- E agora estás soa no seu...?

NAI.- Si.

FILLA.- Pois bótalle unha ollada ao informe, muller, así saes de dúbidas.

NAI.- Pero que estás dicindo? A curiosidade matou ao gato!

FILLA.- Mellor a curiosidade que unha misteriosa enfermidade do pelo, non che parece?

NAI.- Levou o informe con el. E aínda que o deixara, non o tería mirado. Hai certas cousas que é mellor non saber.

FILLA.- Non queres saber o que che pasa? Entón que fas aí? Para que vas ao médico cada dous por tres cos teus síntomas fantasiosos? Levanta o cu desa cadeira e vai dar unha volta, mercar o que che apeteza, xogar as cartas coas amigas ou convence a papá de que te leve por aí de festa.

NAI.- Non estou eu para festas. E xa que estou aquí..., agardarei.

FILLA.- Moi ben, pois se non che importa, mentres ti agardas eu vou seguir traballando, vale?

NAI.- Está ben.

A nai volve colgar bruscamente.

FILLA.- É que non sabes dicir adeus?

A filla tamén colga.

Timbre de teléfono.

FILLA.- Mamá, acabamos de colgar. Non quedamos en que me ías deixar traballar?

NAI.- Ti por que cres que saíu?

FILLA.- Quen?

NAI.- Como que quen? O médico!

FILLA.- Eu que sei! Tería unha urxencia.

NAI.- Ninguén chamou por el.

FILLA.- Se cadra era unha urxencia da nai natureza. Pode que comera algo que non lle sentou ben e tivo que visitar ao señor Roca.

NAI.- E levou con el o informe?

FILLA.- Hai xente á que lle gusta ler mentres..., xa sabes.

NAI.- Seguro que foi consultar algo co radiólogo. Algo que non lle cadra.

FILLA.- Seguro. Estaralle preguntando de que lado está o figado e cantos pulmóns ten que haber aí dentro.

NAI.- Teño algo malo.

FILLA.- Non me cabe dúbida.

NAI.- Vou morrer.

FILLA.- Con toda seguridade.

NAI.- Por que se me ocorrería vir aquí?

FILLA.- Iso mesmo digo eu.

NAI.- Tampouco me doía tanto.

FILLA.- Esas dores son as peores.

NAI.- Era máis ben coma unha sensación..., non sei..., eléctrica no pelo.

FILLA.- Eléctrica? Pois iso hai que aproveitalo, que a luz está polas nubes.

NAI.- Polo demais estaba ben... Dentro do ben que eu podoo estar.

FILLA.- Que non é moito.

NAI.- Ha de ser cancro!

FILLA.- Non hai outra opción.

NAI.- Cando tes cancro pódete doer o pelo?

FILLA.- Só cando o cancro está no dedo maimiño.

NAI.- Se cadra..., se cadra non é cancro. Podería ser algo dexenerativo.

FILLA.- É unha opción que nunca hai que descartar.

NAI.- Estará pedindo unha segunda opinión. Non quererá dar o diagnóstico sen estar completamente seguro.

FILLA.- Por suposto. É un home prudente.

NAI.- Debería chamar ao teu pai, para preparalo.

FILLA.- Por fortuna, papá coñécete ben e aínda que o chamases non che collería o teléfono, cousa que probablemente eu tería que ter aprendido del.

NAI.- Que raro é todo isto. O da columna doía moito máis e...

FILLA.- E era unha contractura nas lombares.

NAI.- Sen embargo, agora...

FILLA.- Nunca hai que fiarse, o pelo é moi traizoeiro...

Óense ruídos do outro lado.

NAI.- Están abrindo a porta. Teño que...

Colga bruscamente.

FILLA.- *(Irónica.)* “Colgar”? Si, ti tranquila, mamá. Colga. Compréndoo perfectamente. Adeus. Eu tamén te quero.

Colga.

5

Timbre de teléfono.

FILLA.- Canto tempo, mamá! *(Silencio.)* Mamá? Comeuche a lingua o gato, ese ao que matou a curiosidade?

A nai rompe a chorar.

NAI.- *(Desesperada, con voz entrecortada, entre bágoas.)* Nena..., o de antes..., o de antes non era verdade... O teu irmán non ten a mellora! Quédavos todo a partes iguais! A partes iguais! Non quero que rifedes! Prométeme que non rifaredes...! Prométeme que non rifaredes entre vós pola herdanza!

A súa voz pérdese entre saloucos e salaios.

FILLA.- *(Alarmada.)* Mamá...! *(Non hai resposta.)* Mamá...! *(Non hai resposta.)* Que pasou, mamá?! Que che dixo o...? *(Colgan ao outro lado.)* Mamá...?

A merendar

A filla xoga con dúas bonecas sentada no chan. As bonecas son nai e filla. A boneca-filla está sentada no chan. A boneca-nai está de pé a unha certa distancia. A filla fai ruídos coa boca como se a boneca-filla estivese moi concentrada nalgún xogo.

Ao cabo dun anaco, colle a boneca-nai e faina avanzar.

FILLA.-

“Nena, a merendar!”

A boneca-filla non fai caso. Segue co seu xogo.

Pasan uns segundos.

“Nena, a merendar!”

De novo, a boneca-filla ignora a chamada.

Pasan uns segundos.

“Nena!!!!”

“Vou!”

A pesar da resposta, a boneca-filla segue ao seu.

Pasan uns segundos.

Na seguinte chamada da boneca-nai percíbese o seu crecente anoxo.

“Nena!!!!”

“Vou!”

A boneca-filla, segue xogando.

A boneca-nai aparece onde está a súa filla, moi enfadada.

NAI.- *(En off.)*

Nena, a merendar!

FILLA.-

“Que pasa? Tes tapóns nos oídos? Deixa iso e a merendar!!!”

“Non teño fame, mamá!”

“A merendar, dixen!”

“Pero, mamá...!”

NAI.- *(En off.)*

Nena, a merendar!

FILLA.-

Vou!!!

“Que é o que non entendes do que che acabo de dicir?!! A merendar!!! E despois, a facer os deberes!!!”

“Pero se non teño deberes!”

“Non, claro, non tes deberes, e despois veñen as notas que veñen!!! Andando!!!”

“Non!!!!”

“Como que non?!!!!”

“Non quero merendar e non penso moverme de aquí, así que déixame en paz!!!!”

“Como dis?!!!!”

“O que oíches!!!!”

NAI.- *(En off.)*

Nena, a merendar!

FILLA.-

Vou!

A boneca-nai achégase á boneca-filla, cóllea pola man e arrástraa.

“Pasa para a cociña inmediatamente!!!!”

A boneca-filla sóltase do apreixo da nai.

“Non!!!!”

“Así lle contestas á túa nai!!! Vas levar a malleira da túa vida!!!”

“Atrévete...!!!!”

As dúas bonecas enléanse nunha violenta pelexa. Hai insultos e maldicións. Despois de varios forcexos e intercambios de golpes, a boneca-filla acaba por riba da boneca-nai e bate nela coma se non houbera mañá. A boneca-nai xace inerte. Xa non se defende.

“Non penso facer nunca máis os deberes, está claro?!!!! Nunca máis!!!! E os teus noxentos bocadillos, que non hai quen os coma, podes metelos onde che caiban!!!! E, sobre todo, non se che ocorra volver interromperme mentres estou xogando ou xa sabes cales son as consecuencias!!!! Entendíchesme ben ou precisas que cho repita?!!!!”

Aparece a nai.

NAI.-

Ui! Creo que vai haber que limpar eses oídos! Veña, a merendar!

FILLA.-

Si, mamá.

NAI.-

Garda as bonecas, anda. Non as deixes por aí tiradas. Tes deberes?

A filla fai o que se lle di.

FILLA.-

De matemáticas. Quebrados! Axudarasme?

NAI.-

Claro! E cando rematemos, facemos un biscoito de noces. Que che parece?

FILLA.-

Xenial! De que é o bocadillo?

NAI.-

De crema de cacao.

FILLA.-

Mmmmmmmmmmmmm!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

Saen en amorosa compañía.

O poder do símbolo

Estamos no cuarto da nai.

A filla, que puxo sobre a súa roupa un vestido vello da súa nai e uns zapatos que lle quedan grandes, mírase no espello mentres proba algunhas xoias.

Chega a nai e sorpréndea.

NAI.- Nena...!

FILLA.- Ui! Ola, mamá! Vaia cachada! Non ías tomar algo coas amigas?

NAI.- Lola está na cama cunha catarreira e María marchou de viaxe co seu novo “amor”, como di ela. Só estaba Lidia, e andaba pesadísima co rolo do vulto ese que lle saíu no peito. Como é a xente! Non saben o dano que che fan contándote esas cousas! Xa me parecía que me estaban saíndo tumores por todas as partes. En canto me deu oportunidade, díxenlle que deixara unha pota ao lume e marchei correndo. Que fas no meu cuarto?

FILLA.- Non te anoxes, eu...

NAI.- Ui! Non me gusta nada como comeza esa frase!

FILLA.- ...estábao preparando todo para...

NAI.- Para que?

FILLA.- Para matarte.

A nai retrocede un paso, alarmada.

Non, non, enténdeme...! Cando digo “matarte”, non quero dicir “matarte”, “matarte”, senón máis ben en plan simbólico e tal.

NAI.- En plan “simbólico”.

FILLA.- Si, coma se fose unha metáfora. É coma un ritual, non sei

se me explico, algo que se fai para que unha nai invasora deixe de ser unha ameaza e o fillo (neste caso a filla, é dicir, eu) poida vivir unha vida propia liberado das cadeas que a nai impón sobre el (neste caso ela, é dicir, eu).

A nai queda mirando un instante para a filla. Non da creto ao que acaba de oír.

NAI.- Xa sei que o máis seguro é que vaia lamentar esta pregunta o que me quede de vida (que espero que sexa moito, por certo, real e metaforicamente), pero *(Elevando a voz.)* pódeme dicir, por favor, de que carallo estás falando?!!!!

FILLA.- Ves? Ves como tiña razón? Xa te anoxaches! Intento manter unha conversa civilizada contigo e o único que se che ocorre é poñerte coma unha tola e berrarme!

NAI.- Ah, entón dime: como se supón que teño que reaccionar cando chego a casa e atopo á miña filla no meu cuarto poñéndose a miña roupa e dicindo que o está preparado todo para matarme?

FILLA.- Simbolicamente!

NAI.- Anda, quita todo iso e vai para a cociña a pelar patacas para a cea, mentres eu ordeno un pouco toda esta lea que armaches.

FILLA.- Non, mamá. De aquí non vou saír ata que esteas ben morta.

NAI.- Pero ti dáste de conta do que me estás dicindo?

FILLA.- Por que sempre tes que facer desprezo de todo o que fago?

NAI.- Porque non fas máis que tolerías sen sentido! *(Mirando para os pés da súa filla.)* Eses son os zapatos de...?

FILLA.- Si, mamá! Son os zapatos que levabas cando casaches con papá!

NAI.- Como te atreves?! Sácaos inmediatamente!

FILLA.- Non me dá a gana.

NAI.- Que os saques, estouche dicindo!

FILLA.- Non! Ademais, que máis che dá?! Que poden significar para ti? Pasas o día insultando ao home co que casaches, maldicindo

o día en que marchou da casa deixándote tirada! Ti tamén deberías matalo, como quero facer eu contigo, a ver se así deixas de estar tan amargada!

NAI.- Quita os zapatos!

FILLA.- Non!

Comeza aquí unha acción moi física, con berros e ruxidos animais, na que a nai se abalanza sobre a filla, que tenta escapar, cóllea polas pernas e sácalle un zapato. A filla rebule, deféndese como pode, quizais mesmo lle tire do pelo á súa nai. Ao final da acción, as dúas disputan polo zapato tirando cada unha de el cara a si. Resultado final: unha queda co tacón e a outra co resto do zapato.

NAI.- Mira o que fixeches!

FILLA.- Eu? Ti tamén contribuíches un chisco, penso eu!

NAI.- *(Desolada. A piques de chorar.)* Deus!

FILLA.- *(Rebaixando o ton, algo arrepentida.)* Mirao polo lado bo.

Rompeu o derradeiro obxecto que te ligaba a el. Agora es libre!

Libre para sempre! É o poder do símbolo!

NAI.- *(Agora moi anoxada.)* O poder do símbolo?! De boa gana te agarraría polo pescozo e...

A nai derrúbase sobre a cama, incapaz de calquera forma de violencia.

A filla senta ao seu carón en actitude conciliadora. A nai escoita o que a súa filla lle di cunha mestura de sorpresa e de pena.

FILLA.- Noto a túa aura moi contaminada, mamá. Sei polo que estás pasando. Eu tamén me sentía así ata que tomei a decisión de facer o que me dispoño a facer. Se tiveses outra actitude, se

foses capaz de romper esas cadeas que te atenazan e abrises o teu espírito a outras formas de entender o mundo, todo sería diferente. Podes cambiar, mamá. Podes facelo, igual que o farei eu. Seremos distintas. Melloras. E poderemos comezar de novo. Sempre e cando, ti estas disposta.

A nai queda un intre en silencio, como sopesando as palabras da filla.

NAI.- Que é o que vas facer?

FILLA.- *(Contenta de ter captado o interese da nai.)* Pois mira, Yuyu di que o que...

NAI.- Yuyu?

FILLA.- Ti coñecíchelo coma Manolo.

NAI.- O teu mozo?

FILLA.- Esa palabra xa non ten ningún sentido para min. Somos entes espirituais afíns e vibramos na mesma sintonía.

NAI.- Manolo, o fillo do ferraxeiro?

FILLA.- Desligouse da súa familia, mamá. As súas relacións son agora cósmicas, universais. Todos somos irmáns e irmás, nais e fillos, curmáns, avoas, cuñados...

NAI.- E Manolo...

FILLA.- Yuyu é agora un menciñeiro. Cura as ánimas atribuladas, como a túa ou a miña, e non precisa da química dos psiquiatras para facelo. Faino todo a través da metáfora. Do símbolo.

NAI.- O símbolo.

FILLA.- Mamá, non o tomes a mal, pero segundo Yuyu, convertícheste nunha nai castradora.

NAI.- Nunha que?

FILLA.- Non é culpa túa. Cando papá marchou, deixou un baleiro nas nosas vidas e ti sentiches a necesidade de cubri-lo, de converterte en nai e pai ao mesmo tempo. Quixeches protexerme. Tiñas boa intención, pero no proceso de evitar que

me enfrontase ao perigo cortáchesme as ás.

NAI.- Corteiche as ás?

FILLA.- Si.

NAI.- Iso tamén é unha metáfora?

FILLA.- Unha metáfora moi real. Estou tan ligada a ti que me convertín na túa prisioneira. É coma se me abduciras, coma se me secuestraras, coma se me converteras nunha prisioneira que só pode ver a luz do día a través dun ventanuco demasiado alto como para poder mirar por el. Outra metáfora.

NAI.- Nena, non entendo nada do que me dis, pero quero que saibas que...

FILLA.- Non! Nada de desculpas, mamá. O que temos que facer é pasar á acción para poder deixar todo isto atrás. Eu ía facer de ti no teu asasinato simbólico, pero xa que estás aquí...

Unha pequena pausa.

A nai non está moi convencida.

NAI.- Está ben. Que teño que facer?

A filla aplaude coma unha nena pequena.

FILLA.- Que ben! Mira. Eu o que ía facer era poñer os teus zapatos e as túas xoias e deitarme na cama, coma se estivera de corpo presente. En realidade, o que me dixo Yuyu foi que tiña que cavar na terra unha foxa e meterme dentro disfrazada de ti, pero de onde saco eu unha pa? Ademais, iso de cavar debe de ser moi difícil, non? O chan está durísimo. Se vivísemos cerca da praia...

NAI.- Ao gran, por favor.

FILLA.- Vale, vale, non te alporices. Veña, pon os zapatos as xoias e déitate na cama.

A filla quita as xoias que leva penduradas ao pescozo e cólgallas á nai. Téndelle tamén os zapatos, que pon. A continuación sinálalle a cama. A nai achégase a ela co andar claudicante de quen se despraza cun zapato co tacón roto. Senta na cama. A filla axuda á nai a se deitar.

Pecha os ollos. *(A nai móstrase reticente.)* Veña, muller, péchaos.

Agora vouche poñer sobre as pálpebras e sobre a boca tres moedas.

NAI.- Tres moedas?

FILLA.- É o que facían os antigos, para que os mortos tiveran con que pagarlle ao barqueiro que os levaba ao outro mundo. Non te preocupes. Son moedas de chocolate.

A filla fai o que di. A nai déixase facer.

Agora vou sentar ao teu carón. Non podes mover un músculo. Estás morta. Eu vou te mirar o tempo que sexa preciso ata que a miña mente asimile que xa non estás entre nós. Cando iso suceda, subirei sobre a cama e mexarei por riba de ti.

A nai incorpórase de golpe facendo caer as moedas de chocolate.

NAI.- Que vas facer que?

FILLA.- Teño que facelo, mamá! É a miña maneira de demostrarme a min mesma que xa non che teño medo, que o teu dominio forma parte do pasado. Se non estiveras ti mexaría sobre a cama, é dicir, sobre a túa tumba, pero estando...

NAI.- Non vas mexar sobre min.

FILLA.- Veña, muller. Yuyu di que...

NAI.- Tanto me ten o que diga ese descerebrado! Ninguén me vai cubrir seu mexo! Que clase de depravación é esa?

FILLA.- Ai, mamá, pero que antiga es! Só é urina.

NAI.- Que só é urina?

FILLA.- Despois non tes máis que darte unha ducha e listo. E a roupa da cama pode ir á lavadora. Polo colchón non te preocupes, que lle puxen un plástico para protexelo.

A nai quita as xoias

Que fas?

NAI.- A ti que che parece que fago?

FILLA.- Dixeches que me apoiaría nisto!

NAI.- Esqueceras informarme do pequeno detalle de que me ías deixar enchoupada cos teus ouriños!

FILLA.- Forma parte do ritual!

NAI.- Fóra da miña habitación!

FILLA.- Pero, mamá, se teño a vexiga chea! Pasei toda a tarde bebendo cocacola! Por certo, a ver se te lembras de mercala sen cafeína. Non creo que vaia pegar ollo esta noite.

NAI.- Fóra, che dixen!!!

FILLA.- Estasme dando a razón: es unha nai castradora!!! Non me permites realizarme!!!

NAI.- Fóra!!!

FILLA.- Queres terme continuamente baixo o teu control!!!

NAI.- Ou saes ou bótote eu!!!

FILLA.- Pois bótame ti, se es capaz!!!!

Agárranse a unha á outra e forcexan.

Hai aquí unha rutina de violencia moi cómica.

Ódiote!!!

NAI.- Dexenerada!!!!

FILLA.- Tirana!!!

NAI.- Pervertida!!!

FILLA.- Mala nai!!!

NAI.- Desagradecida!!!

FILLA.- Oxalá estiveras morta!!!

NAI.- Oxalá non naceras nunca!!!

*Fan forza para separarse e acaban as dúas no chan,
doridas.*

Hai un momento de silencio.

A nai érguese con dificultade e senta na cama.

A filla fai o propio. Senta a carón da nai.

Mancácheste?

FILLA.- Non. E ti?

NAI.- Tampouco. Que pensaría o teu Yuyu disto que acaba de pasar?

FILLA.- Manolo? Que máis ten o que pense? Non é máis ca un idiota.

NAI.- Mira. Niso estamos de acordo. *(Colle unha das moedas que
quedaron sobre a cama.)* Unha moeda de chocolate?

FILLA.- Veña.

Collen cadansúa moeda e cómena.

NAI.- Non estivo mal como ritual, eh?

FILLA.- Moi “simbólico”.

NAI.- Todo este exercicio fixo que me entrara a fame. Imos preparar
a cea?

FILLA.- Imos.

*Érguense e saen collidas do brazo. A nai, aínda cos
zapatos postos vai coma coxeando por mor do tacón
roto.*

NAI.- Mañá tes que levar os meus zapatos ao zapateiro para que os
arranxe.

FILLA.- Eu? Por que eu?

NAI.- Porque fuches ti quen os rompeu.

FILLA.- Perdoa, pero fomos as dúas.

NAI.- Pero foi pola túa culpa, así que irás ti.

FILLA.- Xa dicía eu que eras unha ditadora.

NAI.- A ver se vas quedar sen cear!

FILLA.- Ves? O que eu dicía.

Ti sabes a hora que é?

Interior. É noite.

A filla está sentada lendo un libro. Está nerviosa. Non se dá concentrado. Mira continuamente o reloxo. Pode que de cando en vez se erga para mirar pola fiestra. Todo nela evoca a intranquilidade.

Escóitase un ruído fóra. Alguén chega. Quizais hai risas e algo que ben podería ser unha despedida.

Entra a nai.

Anda facendo eses e arrastra as palabras ao falar. Todo indica que está un tanto alegre.

FILLA.- *(Anoxada.)* Ti sabes a hora que é?

NAI.- Que fas levantada?

FILLA.- Como que que fago levantada? Agardar por ti, iso é o que fago. Que horas son estas de chegar?

NAI.- Non o sei. Moi cedo ou moi tarde, dependendo de como se mire.

FILLA.- Eu non río.

NAI.- Xa o sei. Es a auténtica alegría da casa!

FILLA.- Non se che ocorreu pensar que podía estar preocupada por ti?

NAI.- *(Irónica.)* Estabas preocupada por min? Oh, filla, non podo estar máis conmovida! Pero, a verdade, podías aforrar a preocupación.

FILLA.- Estás borracha?

NAI.- A ti que che parece?

FILLA.- Paréceme que estás coma unha cuba.

NAI.- Nunca deixará de sorprendeme a túa sagacidade.

FILLA.- E tiñas que facerme isto precisamente esta noite!

NAI.- Que pasa esta noite?

FILLA.- Pois que mañá teño unha reunión importante no traballo e teño que estar despexada! Como vou estar despexada se me tes toda a noite esperta agardando por ti! Son as catro da mañá! Dentro de dúas horas teño que levantarme!

NAI.- Non me digas!

FILLA.- Deus! Es incorrizable!

NAI.- Vai para a cama, muller. Dorme esas dúas horas que che quedan e que che aproveite!

FILLA.- Como vou ir para a cama vindo ti como vés?

NAI.- E como se supón que veño?

FILLA.- Mírate no espello e dime que ves!

NAI.- Mírome todas as mañás e gústame o que vexo!

FILLA.- O que teño que oír!

NAI.- E a ti?

FILLA.- A min que?

NAI.- Gústache o que ves no espello cando te miras? Ou é que xa nin sequera te atreves a mirarte?

FILLA.- Déixame en paz!

NAI.- Iso é o que me gustaría que fixeras ti comigo: que me deixaras en paz. E no canto diso teño que oír os teus sermóns día si e día tamén. Anda, vaite deitar e déixame vivir a vida como me dea a gana!

FILLA.- Ti sempre fas o que che dá a gana!

NAI.- E non é iso o que hai que facer?

FILLA.- Non sabes o que dis.

A nai diríxese a algún lugar do salón no que hai botellas e vasos e serve unha copa.

NAI.- Veña, muller, reláxate! Se non vas para a cama, tomemos unha copa. Hache vir ben. Sempre dis que non facemos nada xuntas.

FILLA.- Vas seguir bebendo?!!!

NAI.- Pero se aínda é cedo! Queda moita noite por diante! Poñemos algo de música?

A nai acende un equipo de música, e pon o volume moi alto. A filla corre a apagalo.

FILLA.- Pero que fas? Estás tola? Vas espertar a todo o mundo!

NAI.- Excelente! Que veñan e montamos unha festa! *(Tendéndolle o vaso á filla.)* Aquí tes: escocés sen xeo nin auga. Diríache que como a ti che gusta, pero en realidade non sei como che gusta. É máis ben como a min me gusta.

FILLA.- Non quero beber nada!

NAI.- Non sabes o que perdes! Á túa saúde!

Fai o xesto do brinde. A filla cóllete o vaso e déixao sobre unha mesa.

Que fas?

FILLA.- Non vas beber máis.

NAI.- Como que non?

FILLA.- Xa fiches abondo ridículo esta noite.

NAI.- Ridículo?

A nai corre á mesa para servirse outra copa. A filla vai detrás. Pantomima cómica. A nai consegue coller a botella e mailo vaso. A filla trata de impedir que se sirva outra copa. Pode que haxa unha persecución pola habitación. Pode que a filla acabe caendo de cu, momento que aproveitará a nai para servirse a copa e bebela.

Ha!!!! Creo que non son eu a que está facendo o ridículo agora, precisamente.

FILLA.- (*Erguéndose de novo.*) Avergónzome de ti!

NAI.- É o problema que tedes os que non sabedes vivir. Non hai nada do que non teñades vergoña.

FILLA.- Eu vivo unha vida ordenada. Non creo que iso sexa malo.

NAI.- Canto hai que non saes por aí?

FILLA.- Traballo, por se te deras conta.

NAI.- Tamén en vacacións?

FILLA.- En vacacións descanso. E andar por aí maltratando o corpo ata as tantas non é o que ou considero descansar, precisamente.

NAI.- Pois iso que te perdes.

A filla queda mirando para a nai e senta.

FILLA.- Non te recoñezo.

NAI.- (*Ao público.*) Señorras e señores, con todos vostedes, a miña filla, emperatriz do melodrama e a traxedia grotesca! Teñan a man os seus panos, por favor. Vanos precisar, xa verán.

FILLA.- Desde que papá morreu...

NAI.- (*Ao público.*) Non llelo dicía?

FILLA.- ...non es a mesma.

NAI.- Non, filla. Agora son unha desconsolada viúva.

FILLA.- Que busca ese consolo que non atopa na botella.

NAI.- De algo teñen que vivir os fabricantes de licores.

FILLA.- Todos me dicían que me parecía a papá, que tiña os seu cabelo escuro e a súa caída de ollos e a mesma maneira de engurrar os beizos cando finxía que se enfadaba. Eu non quería parecerme a el. Quería parecerme a ti, elegante, atractiva, intelixente... Pero somos tan distintas... Supoño que papá era como a cola que mantiña unidas as pezas do crebacabezas e agora que non está... Todas as pezas acabaron no chan revoltas e non hai maneira de reconstruír aquela fermosa paisaxe nevada.

NAI.- *(Ao público.)* Oh! Un monólogo conmovedor, non lles parece? Que metáforas! Que verbo florido! Se ata eu mesma estiven a piques de entrar no xogo e poñerme a chorar! Un aplauso para ela, por favor! *(Supoñamos que o público aplaude.)* Pero se lles gustou o de antes, agarden a ver o que vén agora. *(Aclara a gorxa antes de continuar. Á filla.)* Nena, creo que chegou o momento de que saibas algo.

FILLA.- Non me interesa nada que veña de ti.

NAI.- Creo que isto che vai interesar.

FILLA.- *(Virándose para ignorar a súa nai.)* Afórrate os teus sarcasmos.

A nai faille un xesto cómplice ao público e pon a voz máis dramática da que é capaz.

NAI.- Es adoptada.

A filla xírase lentamente e queda mirando para a súa nai coa boca aberta. Parece incapaz de articular palabra.

Nena, estás ben? *(A filla non responde. Está coma en estado de shock. Ao público.)* Isto si que é un golpe de efecto, eh? *(Á súa filla.)* Nena, non é nada. Son cousas que pasan nas mellores familias e á nosa quédalle unha distancia sideral para estar entre as mellores. Non vas dicir nada? Non me vas berrar nin insultar nin nada polo estilo? Non é que queira que o fagas, pero que conste que entendería que o fixeras.

Petan na porta.

A filla sae, de súpeto, do seu transo.

NAI.- Tranquila. É o meu... acompañante.

FILLA.- Acompañante?

NAI.- Dixenlle que agardara fóra por se estabas esperta e parece que se está impacientando. Isto vai ser o que pasará: voulle abrir, vai vir comigo ao meu cuarto e pasaremos aquí a noite. Non te preocupes. Tentaremos ser discretos, aínda que non prometo nada. E por favor, cando te levantes, dentro de dúas horas, ti tampouco fagas demasiado ruído. Seguramente precisaremos descansar. Temos prevista unha sesión de ximnasia sueca moi saudable.

FILLA.- Trouxeches un home a casa?

NAI.- Si. Trouxen un home á “miña” casa e vouno meter na “miña” cama, na cama que compartín durante trinta anos co meu marido, co que, xa ves por onde, non compartes ningún vínculo de sangue. É un tipo simpático, con ganas de vivir. Queres que cho presente? Mira que se cadra acaba sendo o teu novo papaiño! *(A filla, por suposto, non responde.)* Non? Unha mágoa. Ata mañá, cariño. Sorte coa túa reunión.

A nai sae.

A filla míraa coa boca aberta, cunha mestura de sorpresa e terror. Ao cabo, colle o vaso que deixou sobre a mesa e baléirao dun trago.

Lei de vida

A filla, deitada nunha cama, boca arriba.

A nai, sentada nunha cadeira ao seu carón, chorando desconsolada.

O discurso da muller é pateticamente cómico.

NAI.-

Ai, miña filla!

Miña filliña!!!

Por que te fuches? Por que?

Non é xusto!

Deus, que foi o que fixen para que me castigues deste xeito?

Vou a misa todos os domingos e festas de gardar, fago a novena de san Adrián e a da Virxe de maio e alí me tes coma un cravo todos os venres santos na procesión do Cristo!

Dime: que foi o que fixen para merecer tamaña inxustiza?

Porque isto non é xusto, Señor, non o é!

Non é xusto que unha filla marche antes que a súa nai!

As cousas non funcionan así!

Non deberían funcionar así!

Os vellos teríamos que marchar antes, porque chegamos antes! Iso sería o xusto! Pero por unha vez as leis da natureza conxuráronse para descabalarse, só para me facer dano!!!! Só para iso!!! Non podían os planetas desprazarse da súa órbita, ou os invernos facerse máis calorosos ca os veráns, ou a gravidade empurrar os corpos cara arriba, non!!! Tiña que ser esa lei, que algúns chaman “lei de vida” a que se viñera abaixo diante dos meus fociños!!!!

Por que?!

Por que?!!!!!!!

Ai, filla!!!

Por que me deixas tan desamparada, tan orfa de ti, ou como queira que se diga cando unha filla abandona á súa nai para marchar de excursión permanente ao outro barrio?!

Si!!!!

Deixáchesme soa!!!!

Desagradecida!!!! Mala filla!!!!

Non, non, que nos coñecemos! Non me veñas con que quedo con papá!

Deixarme co teu pai é o mesmo que deixarme soa! O mesmo!

Xa sabes o inútil que é para certas cousas.

Para case todo.

Para “case” todo?

Para todo!!!

Pranto.

Non lle dixen nada aínda, sabes?

Non lle dixen nada e ti aquí, na cama do teu cuarto, de corpo presente...

E el nin se decatou.

Nin se decatou!

Segue aí, no salón, vendo o partido, berrándolle aos xogadores, insultando ao árbitro, coma se nada!

Cando o saiba, quen sabe como vai reaccionar.

Se cadra dálle a el tamén un algo e acabo viúva e orfa de filla, todo no mesmo día.

Que foi o que che pasou?

Tiveches un ataque despois do que che dixo?

Seguro que si!

Seguro que foi iso!

O corazón é moi traizoeiro.

Estarías delicada sen sabelo e...

É que é tan animal, o pobre! Non ten educación, xa o sabes, e se lle soltas iso, así, de sopetón...!

A quen se lle ocorre!

Ti tamén, filla...!

Eu son diferente. Máis moderna. Si, máis moderna! Así son eu! Demóstrame o contrario se es quen! A min pódenseme dicir as cousas e, aínda que me resulten chocantes, fago o esforzo de comprendelas.

Ben sei que a reacción do teu pai non foi a máis adecuada, nin a miña, se imos a iso, pero tes que pensar que nos nosos tempos esas cousas non pasaban ou, se pasaban, non tiñamos o mal gusto de falar delas. Ou polo menos, non en público. O que faga cada un na súa casa é cousa súa, pero non ten por que andar proclamándoo aos catro ventos, digo eu, que para iso se inventou a discreción.

Ai, filla!

Se xa sabes como somos, non sei porque tes que tomalo todo tan a peito!

Non nos teñas en conta o que pasou onte!

Helena é unha rapaza estupenda.

“É unha nena moi guapa e moi simpática”. Iso dixo o teu pai: “moi guapa e moi simpática”. E el non é dos que din as cousas porque si. Xa sabes que se non ten algo verdadeiramente importante que dicir prefire manter o bico pechado. Pero tes que comprender que nos fixeramos ilusións. Es intelixente e atractiva, dánseche ben os estudos, tocas a mandolina, sabes patinar, escribes poesías... Pensabamos que acabarías saíndo con algún home de posibles, ben situado, un electricista, un fontaneiro, un procurador dos tribunais..., algo así, e que casariades e teriades fillos, que nós nos ocuparíamos de malcriar, como corresponde a todo avó que se prece.

Ti, en cambio, preferiches...

Xa che digo que non teño nada en contra de Helena, pero muller...

Todo é por estas modas modernas que o demo leve!

Que teñen de malo as parellas de toda a vida: un home, unha muller, un matrimonio pola Santa Madre Igrexa e unha morea de fillos?

Así foi e así debería de ser sempre.

Míranos ao teu pai e máis a min: sexos diferentes, auga e aceite, contrarios que se atraen. Tivemos as nosas cousas, non che digo eu que non, pero máis ou menos fomos felices. Ou iso creo. Eu quéroo e el quéreme. Preocúpase e está sempre pendente de min. Cando non hai fútbol, claro. Nin tenis. Nin carreiras de motos. Nin cando poñen unha de Chuck Norris, ou como se diga, pola tele. Nin cando televisan o Tour, que segundo el é a época do ano na que se botan as mellores sestras.

Eu penso que iso é amor verdadeiro.

E el quería para ti esa mesma felicidade e non podía entender que a puideses atopar con esa moza túa.

Sabes o que me preguntou onte a noite, antes de írmonos para a cama?

Non te enfades, eh, que non é cousa miña.

Pois preguntoume que como faciades para..., xa sabes..., na cama..., que como podía funcionar iso se non había un... En fin...

Mira ti, tanta tele como ve ao cabo do día e ten que preguntar iso. Di ti que ese tipo de cousas non as contan nas retransmisións deportivas. Supoño.

O peor de todo é que non souben que contestarlle.

Non, non souben, que queres que lle faga.

Ti es nova...

Ai, filliña, que nova te me fuches!

Es nova e tiveches unha educación que o teu pai e máis eu non

puidemos ter. Desas cousas non se falaba nas escolas en tempos de Franco, dígocho eu. Nin nas escolas nin en ningunha parte. Para os rapaces de hoxe, falar diso é... normal. En cambio, para nós... Fíxate ti: só de pensalo xa me poño toda colorada.

Sabes o que lle dixen?

Pois que en realidade non faciades nada, que eras unha nena ben educada, que as invertidas tamén tedes principios morais, polo menos algunhas, e que sabedes ben que hai certas cousas que non se poden facer antes de casar.

E, claro, a el abríronselle os ollos como pratos cando pronunciei esa palabra. “Casar?”, preguntou. “Si, Luisiño, si: “casar”. O mundo cambiou desde que ti e máis eu eramos mozos, ou é que non te deches conta?” “Entón hoxe en día pódense...” “Pois claro!” “Manda carallo”, dixo. E deitouse na cama e acendeu o transistor para escoitar os resultados da liga de non sei que. Aos dous minutos estaba roncando.

O coitado aínda vive na prehistoria, por iso che dicía que non foi boa idea contarlle nada. Hai persoas que canto menos saiban das cousas, moito mellor. Viven máis felices na ignorancia.

Increméntase o pranto ata estoupar.

En todo caso, filla, agora que máis ten!

Pasou o que pasou e ti xa non estás con nós, e xa non volverás estar nunca máis!

Que desgraciada son, meu Deus!!!!

Que desgraciada!!!

Cálmase un pouco.

Non che parecería mal o de “invertidas”, non?

É que, hoxe en día, unha xa non sabe como chamarlle a ninguén,

con tantas cousas raras como se ven por aí adiante, e coa pel tan fina que parece ter todo o mundo, que se ofende por calquera cousa.

Eu quérote, ben o sabes!!!

Quérote e sempre te quererei, aínda que sexas... como es!

E sei que o teu pai tamén te quere!

É bruto coma un arado, pero no fondo... No fondo ten bo corazón.

De súpeto, soa un espertador.

A filla estende a man para apagalo e incorpórase, algo adurmiñada.

A nai mira para ela coma se estivese contemplando un milagre.

FILLA.-

Mamá, que fas aquí?

NAI.- *(Erguéndose e dándolle unha aperta á súa filla.)*

Filla...! Filla...!!!

Deus bendito, estás viva!

É un milagre!!! Un milagre!!!

Grazas, Señor! Grazas! Grazas por esta mostra incuestionable da túa omnipotencia!!!

Xúroche que nunca máis volverei dubidar de ti!!!!

Luís...!!! Luís!!!

FILLA.-

Mamá, pero que fas? Por que chamas a papá?

NAI.-

Ten que saber isto! Ten que saber que ti...! Que non estás...! Ten que sabelo! Luís!!!

FILLA.-

Mamá...

NAI.-

Que?

FILLA.-

Papá morreu hai oito anos.

A nai semella confusa.

Senta de novo na cadeira.

NAI.-

Morreu?

FILLA.-

Si, mamá. Onte estivemos no cemiterio. Limpámoslle o nicho e cambiámoslle as flores, recordas?

NAI.-

Onte?

FILLA.-

Si, mamá. Acórdaste?

NAI.- *(Finxindo que recorda.)*

Si, si... Claro... Onte... Limpamos o nicho e...

FILLA.-

E cambiámoslle as flores.

A nai parece desorientada.

Estábasme mirando mentres durmía?

NAI.-

Si... Eu... Gústame ver como dormes. Tamén me gusta..., me “gustaba” facelo co teu pai. É bonito ver durmir a xente que queres.

A filla achégase á nai.

FILLA.-

Estás ben?

Tomaches as pastillas?

NAI.-

Que pastillas?

FILLA.- *(Botándolle unha man polos ombreiros.)*

Ti tranquila, mamá.

Ven, ven comigo á cociña. Facemos unha tiliña, abrimos unhas olivas recheas de anchoas, como a ti che gustan, e tomamos a medicación, pareceche ben?

NAI.- *(Deixándose levar.)*

Moi ben, filla.

O da túa moza non ía en serio, sabes?

FILLA.-

Que?

NAI.-

O de Helena.

O de como facedes... o que sexa que fagades.

Esa nena cáeme moi ben.

Eu preferiría que... Ben, xa sabes o que eu preferiría, pero se a ti che gusta...

FILLA.-

Vale, mamá. O que ti digas.

NAI.-

E non te preocupes por teu pai.

Se non pensaba dicirle nada!

Saen.

Xa non quero xogar máis

A filla parece moi atarefada xogando coa súa boneca.

Entra a nai.

NAI.- Vou ao súper. Ves comigo e axúdasme a traer as bolsas?

FILLA.- Non podo.

NAI.- E logo?

FILLA.- Estoulle cambiando o cueiro á nena.

NAI.- Á nena?

FILLA.- Si. Á nena. Que pasa?

NAI.- Esa boneca de plástico é a túa nena?

FILLA.- Non é unha boneca de plástico. É a miña nena. Sen máis.

NAI.- Non es moi grande xa para andar xogando con bonecas?

FILLA.- Que non é unha boneca, che digo! Teño que cambiarlle o cueiro. Despois vouna poñer ben guapa para ir ao parque. *(Poñendo voces.)* A que si, bonita? A que imos ir xogar ao parque ti e máis eu? E ímolo pasar de “rechupete”, verdade que si?! De “rechupete”!

NAI.- Parece moi pequena para ir ao parque. Que tempo ten?

FILLA.- Que tempo ten?

NAI.- Si, a nena. Que tempo ten?

FILLA.- Non sei...

NAI.- Non sabes que tempo ten a túa nena? Pois vaia nai!

FILLA.- Si, si que sei... Ten... eh... Tres semanas.

NAI.- Tres semanas?

FILLA.- Si. Tres semanas.

NAI.- Xa dicía eu que era moi pequena.

FILLA.- Case catro.

NAI.- E ti que tal?

FILLA.- Eu?

NAI.- Se a tiveches hai tres semanas, aínda estarás algo fastidiada,

supoño. Tes molestias aí abaixo?

FILLA.- Aí abaixo?

NAI.- Si, dores, sangrados, ese tipo de cousas. Non te preocupes, son normais.

FILLA.- Pois...

NAI.- Se podes sentar sen problemas, podes darte cun canto nos dentes. Vas ben ao baño? Non tes estrinximento?

FILLA.- O que?

NAI.- Incontinencia urinaria?

FILLA.- Eu...

NAI.- Hemorroides?

FILLA.- Que?

NAI.- Dóenche os cadrís?

FILLA.- Eh... non...

NAI.- E como levas o de dar o peito?

FILLA.- O peito...?

NAI.- Estás deprimida? Estresada? Tes ansiedade? A sensación continua de estar facendo as cousas mal? Non ganas de facer nada, como por exemplo acompañar á túa nai a facer a compra? E ela? Como está ela? Come ben? Déixache durmir? Tose? Expulsa ben os gases? Estás preocupada? Sentes a necesidade de ir cada pouco vela para comprobar se aínda respira? (*Mira o reloxo.*) Ui! Que tarde! Se non apuro vaime pechar o súper. Entón non vés, non? Mágoa.

A filla está algo superada polo que vén de escoitar e nin sequera contesta. A nai marcha.

Ao cabo, a filla retoma, con moitas dúbidas o seu xogo.

FILLA.- Non lle fagas caso á avoiña. Está un pouco “chiflada”, coma todos os vellos e non di máis que parvadas. (*Remata de poñer o cueiro e colle un vestidiño.*) Veña. (*Comeza a manipular a boneca para poñerlle o vestido.*) Agora poñerémonos o vestido branco,

para que esteas guapísima coma unha... (*A boneca rompe. A filla queda cun brazo ou unha perna na man.*) ...princesa.

*A filla mira para o membro desprendido con horror.
Acaba por tiralo ao chan. Érguese austada.*

Mamá! Mamá! Agarda por min, mamá! Vou contigo! Xa non quero...! Xa non quero xogar máis!!!

Mamá!!!

Mamá!!!!!!

Mamá!!!!!!!!!!!!

Marcha.

Co derradeiro berro faise o escuro final.